A IDENTIDADE DIXITAL

FALTAS LEVES: 10 (en amarelo)
FALTAS GRAVES: 4 (en vermello)
PENALIZACIÓN POR FALTAS: 1,8 puntos

_____

- Ola! Neste monólogo imos falar sobre a identidade dixital. Esta, é un conxunto de trazos que caracteriza a unha persoa nun entorno tecnolóxico. Hoxe en día, rebuscando pola Internet podemos atopar moitísima información doutras persoas. Sobre todo nas redes sociais, como o Instagram. Pódense publicar diversas imaxes e vídeos de distintos aspectos. Hai xente que saca fotos cando realiza actividades interesantes, e en realidade, só o fan para darlles envexa aos demais rapaces. Facendo puenting, alpinismo.... Outros soben fotos no ximnasio e logo cando chega a clase de Educación Física e hai que moverse non son capaces… Casualidade? Non o creo.
  Ata hai xente que minte sobre a súa identidade. Vos preguntaredes por que, non? Será porque non lles gusta o seu aspecto, ou queren atraer a outras persoas para encontrar parella.
  Así é: Foto no Instagram… un mozo guapo, alto, delgado e… cuns ollazos azuis, apaixonado pola lectura e o deporte… Non será ese o home perfecto? Chega o momento, quérelo coñecer; e que pasa? A decepción do século.
  Outro tipo de contas son aquelas que entras e ves trinta imaxes nas que aparecen elementos que parecen moi útiles, custan unha chea de diñeiro e logo son máis inservibles que aquela picadora que vin o outro día na teletenda, cando non hai nada que ver, é a mellor opción. É un pouco raro; pero en realidade, os donos de aquelas contas son listos xa que gañan cartos. Ata eu me estou animando a crear unha conta desas. Outra das cousas máis importantes é a visión que lles das ás persoas que ven o teu perfil. Non é o mesmo ver unha muller que publica fotos medio espida que outra que sobe fotos artísticas, ou dá a mesma imaxe? Na miña opinión os perfís artísticos son os mellores porque non danan a ninguén. Existe xente que só ten redes sociais para criticar aos demais, por iso temos que ter coidado con quen vos segue. Todo isto tamén ocorre cando creamos un blog. Sempre hai que ter coidado na Internet. Aínda así, fora das redes sociais, na vida real, hai que ter coidado. Ata aquí a miña opinión e espero que a vosa sexa semellante, xa que é a correcta; non quero presumir…pero é verdade!
  Agora sí que sí! Teño que despedirme de vos xa que teño que darlles a mesma charla a outros rapaces…! E tamén porque non teño nada máis interesante que contarvos. Espero que vos sexa útil esta pequena explicación e que reflexionedes sobre a importancia da vosa identidade dixital na rede.
  Moitos bícoos e moitas apértaas!!!